



**AXENDA**

A compañía Talía Teatro presenta o vindeiro domingo, 23 de outubro, a obra "Carta urgente para Máximo Toxo", no Auditorio Municipal de Ourense.

A obra é unha comedia infantil e acrobática para ver en familia, chea de saltos, golpes,



viravoltas, gritos, parvadas e trangalladas, que fai unha reflexión sobre a soidade e os seus perigos. Conta a historia de Máximo Toxo, gran escritor, aínda que pouco coñecido. Vive pechado na súa casa, buscando acadar a obra perfecta, o libro polo que será recordado eternamente.



**NOVIDADES**


## Momentos únicos do verán de Amencer

Sorrisos, xogos, auga, excursións, rapaces, voluntarios, sol, area, praias, piscina, verde, son só algunhas das "Mil e unha instantáneas" que se poden atopar na colección que recolle a exposición que se pode visitar na sede da Asociación

Xuvenil Amencer.

Nesta colección de fotografías resúmense as actividades nas que os nenos e mozos participaron durante os meses de xuño, xullo e agosto e recóllense os mellores momentos de cada unha delas.



**CORREO**

## Xadrez en Expourense

O domingo, 30 de outubro, Expourense acollerá a cuarta edición do Festival Internacional de xadrez "Ourense 2011", que esta edición se presenta baixo o lema "Deporte e Ciencia para a Xuventude". O torneo é unha proba puntuable do Circuito Galego 2011, que se ven disputando dende o mes de maio ata novembro por toda a xeografía galega. Todos os que queiran participar poderán apuntarse ata o xoves día 27 de outubro, ás 22.00 horas. A inscrición é gratuita e pode facerse a través do mail [traxerxadrez@hotmail.com](mailto:traxerxadrez@hotmail.com). De tódolos xeitos existe información continuamente actualizada do evento na web [www.xadrezourense.com](http://www.xadrezourense.com).

Esta actividade está organizada por Expourense, patrocinada pola Concellería de Deportes de Ourense e conta coa dirección técnica do Clube de Xadrez Ourense. A cuarta edición deste Festival contará con 300 participantes, que serán mozos e mozas de entre 6 e 16 anos, escolares e federados procedentes de toda Galicia e Portugal.

Poderán participar neste festival os xogadores nados dende 1995 en diante. O torneo comezará o domingo 30 de outubro ás 11.00 horas da mañá coa recepción dos participantes e coa indicación das directrices técnicas por parte da organización. A competición xogarase polo Sistema Suízo a 7 roldas, os

emparellamentos serán confeccionados cos programas habituais. A primeira rolda disputarase ás 11.15 e a sétima será ás 18.15 horas. Os sistemas de desempate serán por orde: Buchholz-1 (Brasileño), número de victoria e progresivo.

O evento contará con máis de 40 xoves deportistas con ranking internacional feito que, unido á calidade dos premios e á cantidade dos deportistas reunidos converte a esta cita iurensá nunha das tres máis relevantes citas do panorama Nacional para xoves. Obterán trofeos os dez primeiros clasificados de cada categoría. Todos os participantes recibirán un trofeo conmemorativo da súa participación neste festival. A organización ten preparados numerosos sorteos e premios sorpresa entre os participantes.


**NOTICIAS**

### Teatro na rúa, en Viana

Un grupo de alumnos do IES Carlos Casares presentou na Praza Maior de Viana unha obra escrita polo orientador do centro se ensino, Plácido Blanco Bembibre que foi todo un éxito. Deste xeito encandilaron ós veciños da zona co seu bo facer na interpretación e tamén compartiron uns momentos estupendos.



Un grupo de alumnos do IES Carlos Casares presentou na Praza Maior de Viana unha obra escrita polo orientador do centro se ensino, Plácido Blanco Bembibre que foi todo un éxito.



### Maratón de debuxo no Casco Vello

O Casco Vello de Ourense foi tesigo hai uns días dunha actividade artística na que participaron nenos e adultos. Tratábase dun maratón de debuxo onde os participantes tiveron a oportunidade de plasmar nas súas láminas a beleza das casas, prazas e fontes.


**ESCOLAR**

#### STAFF...

- Coordinación y edición:
- Coordinación:
- Manuel Gallego
- Edición:
- Cristina Rodríguez
- Diseño:
- Alberto Do Nascimento
- Fotografía:
- José Paz y Marcos Atrio
- Edita:
- La Región
- Contacto:
- Teléfono: 988 600 113
- [xornal@laregion.net](mailto:xornal@laregion.net)